

ACTA (MINUTA-BORRADOR)

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2018/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	26 de xullo de 2018
Duración	Desde as 21:10 ata as 22:28 horas
Lugar	SALÓN DE SESIÓNS
Presidida por	FÁTIMA ABAL ROMA
Secretario	EVA MARÍA CASAL SANJURJO

ASISTENTES

PSOE: D^a. Fátima Abal Roma; D. Miguel Pérez Osorio; D^a. Milagros Martínez Piñeiro.

BNG: D^a. M^a. Josefa Cacabelos Domínguez; D^a. M^a. Teresa Prado Cores; D. Víctor Manuel Caamaño Rivas.

Somos Cambados: D. Xurxo Charlín Trigo; D. Constantino Cordal Rodríguez.

Cambados Pode: D. José Ramón Abal Varela.

PP: D. Luís Aragunde Aragunde; D. Luís Alberto Serantes González; D^a Mónica Brea Troncoso; M^a Isabel Varela Piñeiro; D^a Ana Isabel Oubiña Santos; D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo; D. Juan Ramiro Gómez Blanco.

Escusa a súa asistencia, por motivos persoais, D. Eulogio Pomares Botana.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día **26 de xullo de 2018**, reúnen-se os concelleiros mencionados anteriormente, co obxecto de celebrar sesión pública ordinaria do Pleno Municipal, en primeira convocatoria, para tratar os asuntos incluídos na orde do día, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa e asistidos pola Sra. Secretaria, que da fe do acto.

Unha vez verificada pola Sra. Secretaria a válida constitución do órgano, a Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 3182/2018. Requirimento Preliminar entre Administracións Públicas / MOCIÓN BNG - S/ MODIFICACIÓN DA LEI DE PORTOS DE GALIZA

O Sr. Caamaño Rivas, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Cambados, presenta a seguinte moción para que sexa debatida pola Corporación Municipal:

“EXPOSICIÓN MOTIVOS

Galiza conta cunha gran cantidade de portos e instalacións portuarias, e ten a densidade portuaria máis alta da península ibérica, que fan que o sector portuario galego sexa un sector estratéxico cun gran potencial e que ata agora, dende que en 1981 o Estatuto contemplara a competencia exclusiva no sector e deixando a un lado de maneira aberrante aos portos de interese xera, non foi aproveitada.

A pasares destas características, o sistema portuario galego non foi regulado por unha lei específica ata que o ano pasado aprobouse a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza. Despois de terse feito agardar tantos anos, resultou decepcionante, pois non respondeu nin as expectativas nin as necesidades deste sector estratéxico, e ademais estase a demostrar prexudicial para o futuro do sector portuario galego.

Esta lei, destaca polo seu claro afán recadador e por terse realizado de costas ás entidades locais. Son moitos os concellos que na actualidade están a expresar o seu malestar polas abusivas tarefas que Portos de Galiza está a cobrar pola realización de actividades no espazo público portuario, que ao cabo e na maioría dos casos é un espazo totalmente integrado no espazo urbano do concello e son as propias entidades locais as que se encargan do mantemento do espazo, da recollida do lixo, etc. Neses espazos realízanse múltiples actividades plenamente inseridas na dinámica social local, como festas, eventos deportivos ou mercados que deben pagar unhas abusivas taxas a Portos de Galiza para poder realizarse.

A meirande parte delas realízanse en espazos urbanos que, a pesares de estar baixo a xestión de Portos de Galiza, nada teñen que ver coa actividade portuaria. Así, existen espazos como alamedas ou paseos plenamente integrados no entramado urbano local, e que, principalmente debido a recheos, forman parte de Portos de Galiza sen que exista unha razón obxectiva para que así sexa, xa que logo, consideramos que a titularidade destes espazos debería ser transferida aos concellos.

De cara a paliar a nula participación dos concellos nas decisións relativas ás materias que resulten de relevancia tanto para o concello como para Portos de Galiza, propoñemos a creación do Órgano de Coordinación Portuario Municipal, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza. Este órgano sería o encargado de articular as relacións entre a administración portuaria e as administracións municipais cuxos municipios dispoñan de porto, mediante a toma de decisións conxunta nas materias que resulten de relevancia para ambas administracións.

Por último a citada lei contempla un abusivo réxime de prohibicións e sancionamento que cremos necesario modificar, en especial no referido ao baño e a pesca, actividades que deberían quedar eximidas destes citados réximes. Consideramos que a pesca deportiva debería quedar excluída da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada “zoa I”.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

- 1. As autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de xeito que ditas entidades queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado dominio público portuario tanto a administracións locais como a entidades sen ánimo de lucro.*
- 2. Se cree o Órgano de Coordinación Portuario Municipal como instrumento de participación*

- institucional e social en materia de portos, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza.*
3. *Se leve a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza – previa solicitude do concello interesado – co obxecto de transferir a titularidade aos Concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario.*
 4. *Se modifíque o réxime sancionador contemplado na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galiza, de cara a reducir as abusivas sancións que esta contempla, e nomeadamente suprimir do réxime sancionador as actividades de bañarse ou mergullarse nas augas interiores do porto e pescar desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias, cando iso non estea expresamente autorizado.*
 5. *Se exclúa a pesca deportiva da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada “zona I.”*

Comenta o, **Sr. Caamaño Rivas**, que fai aproximadamente oito meses aprobouse a primeira lei de Portos de Galiza, e indica alegaron todos os anos, na oposición do goberno, para instar a que, concellos como o de Cambados, onde hai unha parte importante da vila, da que o Concello de Cambados non ten autonomía para tomar decisións sobre ela, como a zona portuaria; indica que levan tempo con queixas de que, por non afectar a esa zona, non teñen capacidade á hora de decidir facer determinado tipo de actividades e ademais, cobran por elas, nun lugar que consideran que debería ser potestade e patrimonio do Concello de Cambados exclusivamente; segue explicando que comezaron o mandato aprobando, por unanimidade, unha proposta de desafección de Cambados de toda a liña litoral, dende Tragove ao porto de Santo Tomé, para desafectar determinados lugares que hoxe en día, non teñen ningunha finalidade portuaria e dificilmente a terán no futuro; manifesta que naquel momento presentaron esta proposta en Portos, pero este dilataba a cuestión porque dicía que primeiro debíamos resolver o plan especial de portos de Cambados, e nese tempo presentaron a primeira Lei de Portos de Galiza; comenta que pagan por ter o Mercado ou facer calquera tipo de feira, coma a Festa do Albariño, ou poñer unha árbore de Nadal, e cree que se consolida o que lle parecía un afán recadatorio; explica que non entenden que os concellos, que ademais solo dispoñen desa zona como un privilexio para facer actividades na súa superficie municipal, teñan que depender, por un lado do permiso doutra entidade, e por outro lado, pagar a outra entidade; segue a comentar que, A Lei de Portos aprobouse o 12 de decembro no Parlamento Galego e agora o que fan é presentar unha moción para solicitar a modificación da Lei, nalgúns aspectos que especifican: actividades de lecer dos Concellos; aspectos relacionados con asociacións sen ánimo de lucro que realicen actividades, sendo aspectos relacionados coa capacidade de xestión e visión dun Concello a nivel Portuario e indica que son aspectos relacionados co réxime de sancionamento o que lles parece que está fora de lugar; aclara que o que piden con esta moción é o que levan pedindo fai anos, que se devolva aos concellos a capacidade de xestión nesas zonas que non teñen interese portuario na actualidade, emitindo que lles ven moi ben a esas entidades dende o punto de vista recadatorio; á par de que haxa unha coordinación, dado que considera que os veciños de Cambados non poden ser unha especie de invitados na súa propia localidade; finalmente, termina a súa intervención pedindo que o réxime de sancionamento sexa menos abusivo, porque considera que non ten sentido que alguén que este practicando un deporte de pesca dende o porto, lle poidan caer hasta 60.000 euros de multa.

Procédese co debate do asunto producíndose as seguintes intervencións:

O Sr. Abal Varela, concelleiro do grupo municipal Cambados Pode, manifesta que as cuestións que se piden na moción haberá que debatelas, pero que en liñas xerais, está de acordo, e vai esperar a ver o que opinan os demais concelleiros.

Intervén o Sr. Charlín Trigo, concelleiro do grupo municipal Somos Cambados, e manifesta que dende o grupo municipal de Somos Cambados están a favor de apoiar esta moción; explica que todos os grupos municipais teñen claro que hai terreos que, hoxe por hoxe, pertencen a Portos de Galiza,

que xa non teñen actividade portuaria, e polo tanto deberían desafectarse para formar parte da propiedade do Concello, que sexan xestionados directamente dende o Concello, se asuma o mantemento, limpeza e as reparacións básicas; manifesta que é certo que pode haber un control sobre as actividades que se fan e, sobre todo, as que están preto das zonas portuarias, pero parécelle que non é lóxico pagar por festas nas dársenas dos portos ou nas zonas do porto de Tragove e de Santo Tomé; manifesta que a Feira de Antigüidades, que se viña facendo dende hai 15 anos no paseo das palmeiras, agora non ten autorización de Portos de Galiza, ó igual que a feira de oportunidades de Zona Centro, que ó final conseguiron a autorización, e por elo, non están de acordo coa lexislación á par de que as sancións lles parecen esaxeradas.

Intervén a Sra. Alcaldesa, como voceira do grupo municipal Partido Socialista Obrero Español, para indicar que están de acordo con todo o manifestado e que unicamente introducirían unha pequena modificación ou ampliación no punto número dous, engadindo “(...) onde estarán representados tanto o goberno local representados na FEGAMP como portos de Galiza (...)”, e no punto número tres: “(...) se leve a cabo un procedemento entre concellos coa representación na FEGAMP e Portos de Galiza (...)”, dado que na propia Federación Galega de Municipios e Provincias están representados todos os concellos e é un tema que está negociando a propia asociación, e engadiríamola para que estivese dentro dese órgano de coordinación.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde, voceiro do grupo municipal Partido Popular, indicando que non están de acordo con que unha persoa se bañe no porto de Tragove ou no peirao de Santo Tomé debido á cantidade de embarcacións que hai alí, e tampouco están de acordo con que se pesque no porto de Tragove porque moitas veces quedan liñas dos pescadores enganchadas nas hélices das embarcacións, aclarando que deberase estudar a casuística de cada porto, indicando ademais, que está de acordo co Sr. Xurxo en canto a que a xente non se poida bañar no porto de Tragove, pero que haberá que estudar a casuística e singularidades de cada porto; manifesta que para Portos de Galiza non sería moi operativo participar nas diferentes comisións municipais, e cree que habería que canalizar estes temas pola Federación Galega de Municipios e Provincias; por outro lado, explica que Portos de Galiza non pode ceder directamente un terreo a un Concello, porque para eles é unha concesión, polo tanto teñen que pedir permiso ao Ministerio Territorial, polo tanto, Portos de Galiza tería que renunciar ao uso dese terreo, que pasaría ao Ministerio Territorial, e entón o Concello tería que tramitar o uso dese terreo co Ministerio; engade que a tramitación da cesión dun terreo co Ministerio sería moi longa, e explica que nos corenta anos da existencia de Portos de Galiza, nunca se reverteu ningunha zona portuaria, excepto a praia Novicedo e unha praia de Ferrol; segue a falar que hai outros inconvenientes, como por exemplo o Centro de Saúde, dado que hai un problema con Sanidade en canto ao mantemento das instalacións, porque estas están situadas en terreo de Portos de Galiza, e considera que habería que solucionalo; finalmente indica que este tema require unha comisión moito máis ampla, onde ten que estar unha representación da Administración do Estado, o Ministerio Territorial; indica que está de acordo con case todo o que está exposto na moción, á parte do tema das sancións, que especifica que van ata os 60.000 euros, pero por pescar cunha caña non se multa con esa cantidade; así mesmo indica que comparten algúns puntos e outros non, polo tanto o seu grupo municipal vaise abster da votación desta moción.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas, voceiro do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego, indicando que esta lei ten un afán recadador; considera que a lei de Portos de Galiza é inxusta, non funciona, e hai que modificala aínda que leve tempo; engade ademais que non cree que o problema que ten Portos sexa a pesca deportiva ou o baño; segue a argumentar que non entende como o Centro de Saúde, sendo titularidade da Xunta de Galiza e concesión de Portos de Galiza, porque non o arranxan entre eles, e non entende porque Portos non lle pode pasar a titularidade a Sanidade, engadindo que son cuestións que aos veciños de Cambados lles afecta de xeito negativo; considera ademais que debe ser o Concello o que este involucrado directamente na negociación e explica que a diferenza de pertencer a Portos ou a Costas, e que Costas non cobra, indicando que están pagando preto de 60.000 euros ao ano a Portos por diferentes tipos de actividades, indicando finalmente que van a manter a moción tal e como está.

Intervén o Sr. Charlín Trigo para engadir que o ano pasado pagouse a Portos de Galiza 87.463,99

euros, pola realización de diferentes actividades.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde e explica que Costas ten as sancións máis altas que Portos e por outro lado, Portos ten o 90% de abono en moitas das ocupacións, e indica que van a votar a abstención porque non comparten parte da moción.

Non habendo máis intervencións, pola Alcaldía sométese o asunto a **votación**, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (PSdeG-PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)

Votos en contra: 0

Abstencións: 7 (PP)

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación Municipal **aproba**, por maioría de votos, a moción relativa á **“Modificación da Lei de Portos de Galiza”**.

Expediente 3183/2018. Requirimento Preliminar entre Administracións Públicas/ MOCIÓN PSdeG-PSOE - NECESIDADE DE AUMENTO DOS RECURSOS DO SERVIZO DE AVALIACIÓN DA DISCAPACIDADE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Sra. Alcaldesa cede a palabra á Sra. Martínez Piñeiro, membro do grupo municipal PsdeG-PSOE, para expor a moción.

O grupo Municipal do PSdeG-PSOE do concello de Cambados, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción, en relación á necesidade de aumentar os recursos do servizo de avaliación da discapacidade da provincia de Pontevedra.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación dos servizos de avaliación e orientación (EVO) da consellería de Benestar Social na provincia de Pontevedra está a provocar unha enorme lista de espera de persoas con discapacidade que permanecen sen poder optar as prestacións pola falla de avaliación.

De feito a lista de espera para a primeira avaliación na provincia está por riba das dez mil persoas. Segundo os seus propios datos cada mes preséntanse máis de 400 novas solicitudes o que está a provocar entorno os tres anos de atraso para a revisión das solicitudes, polo que o colapso do servizo é considerable.

Xa no 2016 a propia consellería de Política Social recoñecera a situación de bloqueo deste servizo e planificara a creación de dous novos equipos aínda que finalmente o goberno galego decidiu crealos en Ferrol e A Coruña deixando a Pontevedra sen este reforzo.

Esta situación está a afectar moi considerablemente a persoas cunha situación socio económica moi desfavorecida e que cun recoñecemento da súa discapacidade verían reducidos certos impostos e terían posibilidades de atopar un emprego na función pública.

Por todo elo, o grupo Socialista no concello de Cambados presenta a seguinte moción:

ACORDO

- 1. Instar á consellería de Política da Xunta de Galicia a dotar a provincia de Pontevedra de dous novos equipos de valoración e orientación da discapacidade.*
- 2. Instar á consellería de Política Social a aumentar o número de persoal dos equipos de valoración actuais e suplir as xubilacións e as baixas por enfermidade de xeito urgente.*
- 3. Dar traslado deste acordo plenario ao Presidente da Xunta de Galicia.”*

Explica a Sra. Martínez Piñeiro, como voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, que volven a presentar a moción, que xa presentaron no último Pleno e que finalmente se retirara tras coñecer que se activaran dez equipos EVO na provincia de Pontevedra, pero despois de dous meses non se ten comunicación oficial por parte da Xunta de Galicia de que estes dez equipos novos de EVO estean operativos, ademais indicóusenos que son temporais e o persoal contratado só vai estar durante seis meses; tamén sabemos que non dispoñen de equipos informáticos necesarios, o persoal non recibe a

formación requirida e atópanse moi lonxe dos tres equipos EVO orixinarios; todo isto fai que a tramitación dos expedientes non se este levando a cabo na velocidade precisa e, por elo, a lista de espera dos pacientes segue a ser de case tres anos e chegando a 6.000 persoas; por todo isto volven a presentar a moción pola necesidade de que se de unha solución eficaz e duradeira.

Procédese co debate da moción e prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Abal Varela, voceiro do grupo municipal Cambados Pode, manifestando que está de acordo co expresado pola voceira do PsdeG-PSOE, e que, polo tanto, apoiará a moción.

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez, voceiro do grupo municipal Somos Cambados, indicando que lle parece moi grave o que está a acontecer na provincia de Pontevedra cos equipos EVO, e que non haxa unha comunicación oficial nin tampouco constancia en Servizos Sociais; indica tamén que para eles, a moción tiña sentido fai un mes, que hai que dar un tempo prudencial para saber si a final de ano se reduciu a lista de espera, pero dende o seu grupo municipal, mentres non teñan constancia diso, seguirán apoiando a moción.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde, voceiro do grupo municipal Partido Popular, explicando que non teñen comunicación oficial pero si constancia de que estean a traballar dez equipos EVO novos, entende que haxa certas deficiencias pero en canto á formación do persoal, non sabe que tipo de formación é necesaria para traballar cos equipos EVO, pero supón que o SERGAS ten a capacidade adecuada para facer esas valoracións; por outro lado, entende que en mes e medio que levan operativos estes equipos non se vai a reducir a lista de espera e haberá que esperar un tempo prudencial, mínimo seis meses, aínda que o ideal sería un ano.

Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que un ano non pode ser, porque só van a estar seis meses.

Segue o Sr. Aragunde Aragunde, e aclara que o contrato deste persoal é de seis meses, pero a medida que se vaia reducindo a lista de espera renovaranse estes contratos; aclara tamén que hai seis equipos na provincia de Pontevedra e si se crean dez máis, habería dezaseis equipos, e deses dezaseis equipos, hai catro equipos na área de Vigo e dous na área de Pontevedra, e agora, cos dez equipos novos a maiores, son dezaseis; indica que esta é unha medida extraordinaria e, polo tanto, eses equipos non se poden facer fixos porque ao mellor dentro de seis meses xa están ao día nas valoracións, ao igual que nos días da Festa do Albariño se contrata a máis persoal de limpeza de forma temporal, e non se fan contratos fixos.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicirlle ao Sr. Aragunde Aragunde que a comparación que está a facer non é o máis acertado, pois está a comparar persoas contratada para limpar o lixo con persoas contratada para avaliar pacientes cunha discapacidade.

Comezan un debate que transcorre da seguinte maneira:

Sr. Aragunde Aragunde: *“non poñas palabras que non dixen na miña boca; a comparación é moi simple, ao mellor e que ti non o entendes, si se reducen as listas de espera, ¿imos a ter os equipos parados?”*

Sra. Alcaldesa: *“as listas de espera nunca se van a acabar porque cada vez temos máis poboación envellecida.”*

Sr. Aragunde Aragunde: *“non se poden crear servizos extraordinarios para mantelos durante todo o tempo, porque eses servizos van a traballar baixo unhas condicións extraordinarias, e cando esas condicións extraordinarias se acaben, non se necesitarán eses servizos extraordinarios, entón haberá que buscar o equilibrio entre a demanda e o servizo. Non ten sentido que traiades unha moción sen preparala, isto é ridículo, para o libro das anécdotas do cuadripartito.”*

Sra. Alcaldesa: *“si trouxemos esta moción ao Pleno, foi porque a Xunta de Galicia non nos informou deses novos equipos EVO, nos movémonos polos papeis oficiais e polas comunicacións oficiais que nos chegan ao Concello de Cambados; eu traballo na política local e non na autonómica e si a política autonómica non informa a Servizos Sociais, eu non adiviño e non estou todos os días mirando o DOGA; vostedes mentiron cando presentamos esta moción por primeira vez porque dixestes que esta moción non tiña sentido porque o que pedíamos na moción xa estaba feito, e é mentira.”*

Sr. Aragunde Aragunde: *“dixen que os contratos duran seis meses e que haberá que esperar a ver si baixan as listas, polo menos esperar entre seis meses e un ano; si dentro dun ano as listas non se*

reducen, pois eu dareille a razón a esta moción; e haberá que ir renovando na medida que sexa necesario e vos pedistes dous grupos novos de EVO e creáronse dez, así que creáronse máis do que pediades, por elo é ridículo volver a traer a moción.”

Sra. Alcaldesa: “Luís, a moción ten varios puntos e un deles é o seguinte; “instar á consellería de política social a aumentar o número de persoal do equipos de valoración actuais e suplir as xubilacións e as baixas por enfermidade de xeito urxente”; levan un mes traballando e a lista non se reduciu, haber si o fai en seis meses; a Xunta de Galicia non tivo a ben comunicarlle nada aos Servizos Sociais do concello de Cambados e xa vai facer dous meses que empezaron.”

Sr. Aragunde Aragunde: “entón haberá que facer unha moción onde se lle esixa á Xunta a que faga máis comunicacións o que non podeades facer é traer outra vez unha moción na que se pida que se creen dez equipos EVO cando xa se crearon dez.”

Sra. Alcaldesa: “pedimos que sexan permanentes.”

Sr. Aragunde Aragunde: “terán que ser permanente si fan falta.”

Sra. Alcaldesa: “claro que fan falta, ¿pero dubíalo?.”

Sr. Aragunde Aragunde: “eu non dubido de que, si é necesario, se renoven eses contratos, e seguro que a Xunta de Galicia xa o ten previsto, porque saben que en seis meses a lista de espera non se vai a reducir, pero si que queren valorar canto se vai a reducir en seis meses e canto en un ano, e si dentro dun ano segue facendo falta pois volverase a renovar ata facelo como un servizo fixo si as listas de espera non se reducen.”

Sra. Alcaldesa: “prefiro dous equipos EVO definitivos.”

Sr. Aragunde Aragunde: “pois eu prefiro dez equipos EVO mentres faga falta; estamos discutindo porque se reduzan as listas de espera ou estamos a discutir por discutir; imos a votar en contra da moción.”

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez, voceiro do grupo municipal Somos Cambados, para manifestar que cando eles chegaron ao grupo municipal fai tres anos e pico, en Servizos Sociais tiñan constancia de que estaban a tardar en torno a un ano e medio, e engade que isto só foi en aumento; explica que, ó mellor, debeuse presentar a moción naquel momento porque despois de tres anos e pico, ven como aumentou a lista de espera entorno a un mes de atraso por cada mes, considera que non se pode chegar a este punto e que non é normal que unha Administración Autonómica deixe que esta situación chegue ate este extremo; dende o seu partido esperan que non sexa unha solución conxuntural pensando nas vindeiras eleccións.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas, voceiro do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego, para puntualizar que o problema da Sanidade galega é estrutural; o exemplo da Festa do Albariño é erróneo porque os usuarios da Festa crecen e desaparecen rapidamente mentres que os usuarios dos equipos EVO, crecen ó mesmo tempo que o servizo se deteriora proporcionalmente; explica que as cousas non son causais senón consecuencia das políticas que se aplican.

Intervén a Sra. Martínez Piñeiro, para indicar que, o que eles querían era algo permanente e sostible no tempo para poder darlle solución definitiva a este problema, non parchear, e manifesta que esta medida tomouse á desesperada cando a situación xa era insostible.

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez, para explicar que faláron co 061 e o SERGAS para pedir reforzo durante a Festa do Albariño e obtiveron unha negativa como resposta aducindo a que non había recursos; explica que o SERGAS, na súa propia páxina web, teñen unha listaxe dos prezos das ambulancias con médico, polo que ven que si a piden gratis non a dan, pero si a pagan, si, sendo uns prezos desorbitados, como por exemplo 900 euros á hora por unha ambulancia cun facultativo.

Pola Alcaldía decídese proceder cunha votación para realizar unha emenda na moción en relación co punto número un, para incluír a palabra “definitivos”, e quedando do seguinte xeito: “Instar á consellería de Política Social da Xunta de Galicia a dotar a provincia de Pontevedra de dous equipos definitivos de valoración e orientación da discapacidade”, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (PSdeG-PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)

Votos en contra: 7 (PP)

Abstencións: 0

Procédese á **votación** da moción relativa á **necesidade de aumento dos recursos do servizo de avaliación da discapacidade da provincia de Pontevedra**, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (PSdeG-PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)

Votos en contra: 7 (PP)

Abstencións: 0

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación **aproba**, por maioría de votos, a moción relativa á **“Necesidade de aumentar os recursos do servizo de avaliación da discapacidade da provincia de Pontevedra”**.

Expediente 3191/2018. Requirimento Preliminar entre Administracións Públicas/ MOCIÓN SOMOS CAMBADOS EN DEFENSA DA ARTE DE PESCA TRADICIONAL DO XEITO

Xurxo Charlín Trigo, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta moción, en base á seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**:

“En 2014 a Comisión Europea lanzou unha proposta para prohibir completamente as redes de enmalle de deriva. Esta proposta creou moita preocupación na Galiza porque supoñía a prohibición da arte tradicional do xeito.

A Comisión e o Parlamento resolveron a polémica alegando que se lle daría unha solución no debate do Regulamento de medidas técnicas.

Pois ben, en marzo de 2016 a Comisión fixo a súa proposta de Regulamento sobre a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas. O Parlamento Europeo fixou a súa posición sobre esta proposta en xaneiro do 2018. A Comisión na súa proposta non recoñece esta especificidade e coa prohibición de utilizar para os pequenos peláxicos unha dimensión de rede inferior a 50 mm o xeito quedaría prohibido.

A posición do Parlamento tampouco o recoñece ao ser rexeitadas as dúas emendas que facían referencia ao xeito. O Parlamento Europeo, asume como propia a proposta da Comisión para a pesca de pequenos peláxicos.

Na actualidade o Regulamento atopase en fase de negociación (coñecida como trílogo); e so será posíbel introducir nestas negociacións algunha especificidade para salvagardar a arte do xeito se o Consello o pon enriba da mesa nas negociacións.

*Por todo o exposto anteriormente, solicitámoslle ao Pleno da Corporación do Concello de Cambados que adopte o seguinte **ACORDO**:*

Primeiro.- Dirixirse ao Ministro de Pesca para que dea os pasos necesarios para que o Consello introduza nas negociacións en curso sobre o Regulamento de Medidas técnicas que nas augas suroccidentais a rede de deriva única coñecida como xeito utilice malla de dimensión entre 23 e 40 mm (Anexo VII da proposta).

Segundo.- Dirixirse á Conselleira do Mar para que utilice todos os mecanismos dos que dispón para que o Consello asuma introducir nas negociacións esta proposta sobre o xeito.”

Aberto o debate sobre o asunto, prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez, voceiro do grupo municipal Somos Cambados, para engadir que o procedemento de decisións da Unión Europea é o seguinte: quen propón é a Comisión e quen decide é o Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea, indicando que están agora en esta fase e, aínda que o Consello pode ter a última palabra, dende decembro de 2004 hai catro formacións de Consello, unha delas é a de pesca, e está aberta á participación das Comunidades Autónomas, explicando que xa teñen participado na comisión conselleiros de pesca da Xunta e outros Consellos de Ministros da Unión Europea, polo tanto, indica que si que procede instar, por un lado, ao propio

Ministro de Pesca, pero tamén á Consellería do Mar, porque pode estar presente neste Consello do Mar da Unión Europea e, dalgunha maneira, facer presión para tratar de conseguir que se siga utilizando o xeito como arte de pesca

Intervén o Sr. Abal Varela, voceiro do grupo municipal de Cambados Pode, para expor que a moción parécelle moi escasa, pero afecta ao Concello de Cambados, A Illa e Rianxo e é unha arte das máis antigas de pesca e descoñecen o impacto ambiental, pero que en principio non lles parece agresivo, argumentando que do que se trata é de apoiar os postos de traballo e apoiar un sector concreto, polo que dende o seu grupo municipal resolve que votarán a favor.

Intervén o Sr. Caamaño Rivas, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, para expor que o xeito é unha arte de pesca tradicional, que creo que está demostrado que é unha pesca selectiva e non agresiva, o problema é que a Unión Europea é moi grande e non se acaba de entender en que consiste cada unha das artes; indica que o seu grupo municipal van a apoiar a moción e ademais explica que a clave aquí en solicitar a competencia das augas interiores e este tipo de problemas non os habería cos que coñecen ben as artes de pesca; di tamén, que nas augas interiores, o coñecemento da situación científica por parte da Unión Europea é precaria e afastase bastante da realidade e ao final están pendentes das decisións de quen non ten coñecemento, argumentando que a máxima defensa dos sectores tradicionais que demostraron, despois de moitos anos, que non esquilman e non son agresivos.

Intervén a Sra. Alcaldesa, como voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE, argumentando que están de acordo coa moción, facendo un inciso no punto primeiro da moción, onde expón que se debe dirixir ao Ministro de Pesca, explica que a reunión co Ministro de Pesca para que tome os pasos necesarios para que o Consello introduza as negociacións, tivo lugar o 24 de xullo, e ese mesmo día tamén houbo unha reunión dos representantes das Confrarías coa Secretaria Xeral de Pesca, Alicia Villa Auriz; comenta que este tema afecta ao sector do mar, pero tamén afecta de maneira complementaria ao turismo en Rianxo (festa da xouba), ás conservas e a todas aquelas persoas que se adican á pesca do xeito; remata aducindo que o seu grupo municipal está de acordo e que o punto primeiro da moción xa se levou a cabo.

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde, voceiro do grupo municipal Partido Popular, indicando que o día 1 de agosto abre a segunda campaña de sardiña e da xouba deste ano con artes de enmalle e do xeito, e expón que grazas ao plan que presentou España e Portugal presuntamente no Consello Europeo de Pesca, pois púidose frear, tanto o ano pasado coma este, pero xa a Unión Europea non quería que se pescara con esta arte o ano pasado, alegando que as reservas de sardiña eran moi pequenas e que se estaban a reducir os bancos deste peixe; explica que o ano pasado, España e Portugal estiveron coordinados nun plan de recuperación de reservas, que foi presentado por diversos científicos españois e portugueses, e que ao final convenceu aos membros da Comisión de Pesca da Unión Europea para que se puidera faenar; remata expondo que o seu grupo municipal vai a apoiar a moción, e indica que a Xunta de Galicia xa tivo tamén reunións co Consello Europeo de Pesca, na que lle trasladaron uns informes nos que parece que están a aumentar os bancos pesqueiros e parece ser que eses informes son bastante esperanzadores.

Intervén a Sra. Alcaldesa para expor que o peche que se quixo levar a cabo no ano 2017 agora queren volver a facelo no ano 2019, e consideran que dende Europa pretenden que a pesca da sardiña quede pechada durante todo o ano 2019.

Intervén o Sr. Cordal Rodríguez, voceiro do grupo municipal Somos Cambados, para indicar que a reunión entre os representantes das Confrarías non foi en realidade sobre o xeito, senón que foi sobre as cotas da pesca da sardiña, e non só para o xeito, senón tamén para o cerco, e nos pedimos aquí concretamente a arte do xeito; indica que a proposta da Comisión segue a estar enriba da mesa e o Parlamento segue a posicionarse, maioritariamente, a favor da eliminación; remada aclarando que a moción é para intentar que non desapareza a arte do xeito e que son moitos os Concellos que están a por esta moción encima da mesa.

Non habendo máis intervencións, os membros da Corporación Municipal presentes no Pleno, proceden coa votación da moción presentada polo grupo Somos Cambados en defensa da arte de

pesca tradicional do xeito.

Sometido o asunto a votación, O Pleno da Corporación **aproba**, por **unanimidade**, a moción en “Defensa da arte de pesca tradicional do xeito”.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA

Pola Presidencia dáse conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía dende o número 2018-0348 ao 2018-0430, ambas inclusive, sendo a Resolución número 2018-0348 de data 18 de xuño e a 2018-0430 do 20 de xullo, das que se lle dou traslado a tódolos membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL - 2017 (EXPTE. G.1163/2018)

Pola Presidencia dáse conta da aprobación da liquidación do Orzamento Municipal do ano 2017, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

Con arranxo ao artigo 48 do Regulamento Orgánico Municipal, a Sra. Alcaldesa comunica aos membros da Corporación Municipal presentes no Pleno, a oportunidade da inclusión, por urxencia, dalgunha cuestión que non estivera incluída na orde do día.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

CONTESTACIÓN A ROGOS E PREGUNTAS

D. Luís Aragunde Aragunde

“No último Pleno falamos do entorno da Igrexa de San Antón, na A Modia, porque non estaba en boas condicións, e segue igual, así que volvemos a facer fica pe nesta solicitude/rogo para que se acondicione o entorno.”

“Tamén no anterior Pleno preguntamos por unha polémica ou malestar veciñal que hai na zona de Vilariño, Sameiro, e a Sr. Alcaldesa contestounos que estaba solucionado, e o asunto segue sen solucionarse, así que rogo que se estude ese asunto.”

D. José Ramón Abal Varela

“A limpeza xa está programada para que vaian, haber si poden ir antes da Festa do Albariño”

D. Luís Aragunde Aragunde

“A pista en Oubiña, de Bouza de Padrón á pista da Abilleira, o asfalto está moi deteriorado, rogamos se arranxe.”

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e seis minutos, estendéndose a presente minuta-borrador da acta que asina a Sra. Presidenta, de todo o que, eu, Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE